

ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN COMA PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA ENFERMEIRO/A DO I. M. DE DROGODEPENDENCIA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

En Monforte de Lemos, sendo as 17:00 do día 17 de xullo de 2017 reúnese na Sala de Xuntas do Concello o Tribunal cualificador para a selección DUN/DUNHA ENFERMEIRO/A DO I. M. DE DROGODEPENDENCIA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Preside a sesión dona Dona María Isabel Fernández Fernández como vogais asisten Dona María Inmaculada Buján Arias, Don José María Baños Campo, e dona María Jesús Coutado Santomé e coma secretaria con voz pero sen voto dona Elisa Martínez Arias.

1º.- En primeiro lugar dáse conta ó tribunal dos escritos de diversas aspirantes que solicitan vista e copia dos seus exames, as cales foron citadas para poder obter á vista dos seus examen neste acto.

Tamén se da conta doutro escrito de dona MARIA ARANZAZU FERNÁNDEZ GOMEZ no que esta manifesta non estar conforme co baremo do proceso selectivo e solicita a súa revisión coa súa publicación pormenorizada e estar presente neste proceso.



2.- Dáse paso as aspirantes que solicitaron a vista dos seus exames á sala de xuntas do concello onde se les entregan para que formulen á vista solicitada.

3.- Ante a solicitude de revisión de dona MARIA ARANZAZU FERNÁNDEZ GOMEZ comprobouse que existía un erro no reconto das preguntas acertadas do seu exame, concretamente a pregunta nº 7 contaba como acerto cando en realizade era un erro polo que procede rebaixar a súa puntuación en 0'10 puntos quedando polo tanto en 2'6 da parte practica ós que hai que engadir 2'8 da parte practica facendo un total de 5'4.

4.- A pesares de que verbalmente se lle indicou a dona MARIA ARANZAZU FERNÁNDEZ GOMEZ que non se podía acceder a súa pretensión da revisión total e xenérica do baremo e que debería concretala, en aras da economía procesual e da evitación de dilacións indebidas o tribunal procedeu a revisar tanto o baremo desta como a de dona DONA NOEMI ESCOBAR MOURE por ser estas as aspirantes que se sitúan coas mellores puntuacións. Atopando o baremo outorgado a ambas, logo da revisión realizada no de dona Aranzazu en acta de data 10/07/2017, perfectamente correcto polo que procede reiterar a proposta de contratación e de prelación da lista de agarda realizada na acta anterior.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 16:00 a Sra. Presidenta levanta a sesión, da que como Secretaria dou fe.

A PRESIDENTA



A SECRETARIA

AS/OS VOGAIS,

